

A XVI exposición “CEDOFEITA: as raíces medievais”.

No momento da súa creación, a Asociación Sociocultural Cedofeita adoptou este nome en lembranza dun dos elementos senlleiros do pasado de Lérez: o *castellum* que os textos históricos chaman *Citofacta*, termo que, co paso do tempo, rematou sendo Cedofeita. Houberon pasar quince anos desde aquela nacemento e bautizo, para que Cedofeita-asociación dedicase unha exposición que divulgase a historia desa construción fortificada, sen dúbida, descoñecida para gran parte da veciñanza, a pesar da importancia estratéxica que tivo na súa época.

Erguíase a fortificación de Cedofeita no monte Castelo, nunha atalaia natural entre os actuais lugares de Casaldarado e Castelo, desde onde controlaba un amplo espazo cuxo perímetro pode estar delimitado pola ladeira do monte Castrove e terras de Barro, Verducido, Xeve, Bora, Mourente, Marcón, Tomeza e Figueirido, así como o esteiro do río Lerez, chegando incluso a albiscar o fondo da ría de Pontevedra. Non é nada raro que esta situación privilexiada outorgase a Cedofeita funcións centro xurisdiccional dun determinado territorio e fose observatorio, defensa e seguranza viaria, pois non hai que esquecer que ó seu pé (val do Alba-Granda-Rons) discorría unha vía de base romana que conectaba Toroqua (nome da

Pontevedra romana) co norte e que posteriormente será transcendental como ruta xacobeá.

Son escasos os vestixios que poden testemuñar que a referida fortificación existiu en tempos pasados o que supón un serio atranco para coñecermola mellor, en especial no referente á súa fasquía. Pero a tradición oral, sinaladamente as lendas, e a toponimia ofrecen ecos da súa existencia e a abundante documentación histórica acredita exhaustivamente que o *castellum* de Cedofeita estivo en pé durante varios séculos da Idade Media.

Mostra gráfica e documental

A exposición, que levaba por título *Cedofeita: as raíces medievais*, mostrouse, como é habitual, no mosteiro de Lérez e estivo artellada en tres grupos. No primeiro, que podíamos chamarlle *presentación*, ademais dun completo e documentado mapa de situación, figuraban algúns textos introdutorios, como o contexto histórico da época do castelo e a explicación dalgúns termos como Cedofeita. Procede esta palabra do vocábulo latino *“citofacta”* na que *“cito”* pode significar rapidamente, ás presas, facilmente ou estar relacionado co verbo *“cito”* que



significa convocar, chamar e "*facta*" (participio do verbo "*facio*", *facer*) *equivale a feita*. Daquela, Cedofeita, segundo a etimoloxía, sería unha fortificación "*feita axiña, de contado*" e/ou "*feita para chamar a xente e protexela*".

No segundo grupo, que se podería denominar *Cedofeita nos textos*, faise un repaso das circunstancias históricas deste enclave, baseándose nos documentos históricos, así como nos traballos publicados nos últimos tempos. O primeiro documento coñecido que alude ó castelo de Cedofeita é doazón que o rei da Galicia Ordoño II fai a Guntado, abade do mosteiro de Léz, no ano 916. Nel, ademais de referirse á situación do castelo, concreta que era chamado así -*Citofacta*- *nos antigos tempos* o que nos dá pé para situar a súa orixe entre os séculos VIII e IX. Amósanse, ademais, textos do Tombo A da catedral de Santiago, importante códice do século XII, coma o que recolle a "*exquisitio magna*" que preside Afonso V (1019), no que, talvez propagandisticamente, se atribúe a edificación de Cedofeita ó bispo Sisnando. Tamén do Tombo A recolle a doazón que o rei de Galicia e León Fernando II fai á igrexa compostelá da propia fortaleza, despois recuperala das mans das tropas portuguesas de Afonso Henriques, tras a *batalla de Cedofeita* (1169); a importancia deste documento cífrase en que o castelo non só é o centro dos acontecementos, senón que constitúe o mesmo escenario narrativo cun tratamento próximo o da historiografía clásica latina

Tamén se mostraron textos do século XV nos que aparece o termo Cedofeita usado agora como sobrenome, que quizais indique procedencia, ou como topónimo : *Livro do Concello* do Pontevedra (1431-1463), *Minutario Notarial de Pontevedra* (1433-1435), *Testamento do rexedor Gonzalo López de Montenegro* (1491) e *Nobiliario Vasco da Ponte* en cuxo texto substitúese o nome de Cedofeita por Santa María de Alba e Trinidad. Esta mutación na denominación do noso *castellum* apunta a unha perda da súa funcionalidade ou a un abandono, feitos que probablemente acaeceron ó longo de século XV.

Tamén figuran neste grupo citas e traballos de diversos autores. Yepes (1661) alude á existencia do castelo de Cedofeita ó referirse á fundación da *casa de San Salvador de Léz*; Felipe de la Gándara en *Trivnfos. hechos heroicos de los hijos de Galicia. Elogios de sv nobleza...*(1662) presenta unha versión do aludido documento que recolle a doazón que realizara Fernando II á igrexa compostelá; Sarmiento na súa *Viaxe a Galicia* (1745) refírese a algúns restos que aínda quedan do castelo de Cedofeita; Celso García de la Riega en 1879 afirma que o castelo de Cedofeita *...fue reedificado (non construído) por el obispo Sisnando para defensa del país contra las irrupciones de los normandos y escandinavos*; e Murguía, en 1888, aclara a Herculano que o castelo de Celanova (Casetlo Birreto) non é o de Cedofeita.





Recital de piano de Severiano Gasalderrey.

Xa no século XX ocupáronse do castelo de Cedofeita diversos estudosos. Jesús Carro intensifica a apoloxía e culto a Santiago pola suposta intervención do Apóstolo na batalla de Cedofeita; Pardo Bazán e Otero Pedrayo citan a Cedofeita nas súas guías e, por poñer outro exemplo, Rodríguez Figueiredo concreta a cronoloxía da recuperación do castelo e da súa doazón a Compostela por Fernando II.

O terceiro grupo da exposición comprendía unha recompilación de lendas do monte Castelo, ademais de información de certos vestixios arqueolóxicos próximos ou relacionados co *castellum*. Nas lendas atopamos elementos comúns coas doutras zonas, tanto no contido como na estrutura narrativa; *A mina de ouro e a mina veneno*, *A moura dos cabelos de ouro* e *O túnel dos mouros* son algúns exemplos que confirman o que dicimos. Os restos arqueolóxicos referidos fálannos da antigüidade da poboación desta zona e entre eles podemos citar a calzada de orixe romana, miliarios, retos de cerámica castrexa, un muíño de man, etc. A profusión de textos estivo acompañada de ilustracións variadas (xenealoxías, fotografías de textos antigos, portadas de libros, miniaturas de reis...) que en conxunto facían máis visual a mostra e pretendían situar o castelo de Cedofeita no seu ámbito histórico así como dar unha visión o máis precisa posible sobre a súa orixe e importancia histórica.

Como complemento da exposición, este ano contamos cunha proposta musical pouco habitual dentro da nosa programación: un recital de piano *a solo*. Esta cita concertística foi posible grazas á colaboración do pianista pontevedrés Severiano Gasalderrey Conde, coñecido veciño da nosa parroquia, cuxa experiencia como concertista profesional remóntase uns doce anos atrás, cando contaba con só 18 anos. Dende entón, ofreceu a súa arte en lugares como Tui, Lalín ou Ribadeo, ademais da propia cidade de Pontevedra, onde comezou a súa formación musical. Pese a todo, esta cita tiña extraordinaria relevancia, xa que era a primeira vez que o noso músico e amigo nos obsequiaba cun concerto en Lérez, lugar do seu nacemento, o que significou un extra de motivación á hora de brindarnos a súa música.

O programa do concerto caracterizouse pola diversidade, xa que a través das 13 composicións ofrecidas, puidemos apreciar algunhas das páxinas máis interesantes dos diferentes períodos do repertorio pianístico. Con todo, no concerto podemos diferenciar claramente tres bloques nos que se inclúen os autores máis interesantes do pianismo clásico, salvo a falta de compositores da talla de Chopin e Liszt, autores non descartados para próximas ocasións.

O primeiro bloque de pezas estivo protagonizado pola familia Bach, referente total da música barroca. Abriuse o recital con dúas pezas do insigne patriarca Johann Sebastian Bach, un dos compositores clave, non só do seu momento, senón de toda a historia da música. Así pois, podemos gozar duns dos preludios, concretamente o primeiro escrito en Do, do celeberrimo "Clave ben temperado", en certo sentido, toda unha biblia do piano que calquera instrumentista debe coñecer e chegar a dominar dado a súa importancia histórica. Acto seguido, soou un dos movementos do "Concerto para teclado en fa menor", unha páxina un tanto intimista dentro do catálogo do seu autor, dando paso ó seu fillo maior, autor do "allegro" para teclado, sen dúbida, unha peza máis xovial e profunda que a do seu pai. Como peche a este bloque, estivo Carl Philipp Emmanuel Bach, posiblemente o máis prestixioso dos fillos de Bach, contando con dúas novas pezas próximas ás anteriores, tal sería a intimidade do "Rondó espressivo" que viría seguido pola vivacidade do "Solfeggio en Do menor".

No segundo bloque do programa, Severiano pasou ó clasicismo, momento no que o piano se consolida como instrumento. Gozamos aquí co gran triunvirato de músicos vieneses: Haydn, Mozart e Beethoven, nomes que falan por si sós. Nos tres casos, foron interpretadas sendas sonatas para piano da primeira escola de Viena, podendo observarse a clara evolución que se produce entre o pianismo clásico máis rigoroso de Haydn ata chegar a ese piano de corte máis romántico propio de Beethoven. Ditas sonatas ofrecéronnos momentos recoñecibles, xa que é moi famoso o primeiro movemento da "Sonata facile" de Mozart, así coma o inicio da "Claro de lúa" de Beethoven, referente que marcou un antes e un despois na historia do piano.

Chegados ó último bloque, escoitamos pezas propias do piano romántico e, en maior número, contemporáneo. Como representante do piano romántico, gozamos da figura de Franz Schubert, símbolo musical que destacou pola súa capacidade

melódica na maior parte das súas composicións, algo que podemos apreciar no "Impromptu" que Severiano nos brindou neste concerto. Despois, chegou o menos accesible "Valse lírico", composición de Shostakovich que tomou como referencia unha das formas musicais decimonónicas máis destacadas, pero cribada por un claro sentido moderno. A continuación escoitamos o primeiro "Arabesco" de Claude Debussy, unha das primeiras composicións do autor francés na que deixa entrever o seu complexo sentido harmónico, elemento fundamental do impresionismo musical que el mesmo crearía no cambio de século. Logo, sería interpretado o "Preludio en Do # menor" do compositor ruso Sergei Rachmaninov, se cadra o último pianista romántico no sentido máis amplo do termo, xa que combinaba á perfección a súa faceta creativa coa interpretativa, tratándose posiblemente da peza máis virtuosística de todo o programa ofertado. Como remate, podemos apreciar o tema "Adiós Nonino", unha mostra de que o tango ou calquera música pode ser tan digna coma a máis importante composición de música clásica. Obra do arxentino Astor Piazzolla, esta peza é un fermoso canto de despedida ós seres queridos que serviu de bonito remate para o variado programa deste concerto.

Pero Severiano deunos unha propina coa coñecida marcha "Suspiros de España", peza clásica do repertorio popular que o numeroso público da sala agradeceu con moito entusiasmo. Rematou así unha velada na que os asistentes pasamos momentos máis que agradables e o propio Severiano Casalderrey, pianista, veciño e amigo, cumpría, ademais, coa "obriga pendente" de tocar ante o público que o viu medrar e formarse como profesional.

Para rematar, dicir que este concerto vén sendo a confirmación dunha gran amizade e promete ser o comezo dunha maior colaboración, pois ambas, amizade e colaboración, constitúen un dos mellores xeitos de xuntar amigos e veciños a través da arte, sen excluír a ninguén.